

ORDE DO 15 DE XUÑO DE 2026 POLA QUE SE APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO PARA OS ANOS 2026 E 2027

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé no seu artigo 5 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións concreten nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaránse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Pola súa banda, o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé no seu artigo 6 que cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

O dito artigo continúa sinalando que os plans estratéxicos teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e neste regulamento, se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Así mesmo, o seu artigo 7 sinala que os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela, e fixa normativamente o seu contido mínimo.

O establecemento desta previsión legal de elaboración de plans estratéxicos de subvencións, xa contida tamén na normativa básica estatal, concrétese



nunha mellora da transparencia da actividade administrativa, de especial relevancia nas actividades que supoñen a xestión de fondos públicos, así como unha mellora da eficacia, ao introducir unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Este Plan apróbase en cumprimento do previsto nos artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 5 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en coherencia cos obxectivos e prioridades do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, previo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confiren os artigos 5 e 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar o plan estratéxico de subvencións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para os anos 2026 e 2027, que se inclúe como anexo.

Artigo 2. *Eficacia*

O plan estratéxico de subvencións ten carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade do plan queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Artigo 3. *Contido*

O plan estratéxico comprende as subvencións que teñan previsto convocar a consellería en réxime de concorrencia, así como as de concesión directa e as que se instrumentalicen a través de convenio.

Cando se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.



Artigo 4. *Actualización do plan*

Con carácter xeral, sempre que se verifiquen modificacións das planificacións estratéxicas superiores coas que debe observar a debida coherencia.

Artigo 5. *Publicación*

O plan estratéxico publicarase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 6. *Seguimento*

O seguimento do grao de cumprimento e a avaliación dos resultados do realizarase conforme aos indicadores definidos no propio Plan e en coherencia co sistema de seguimento establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Conselleira de Medio ambiente e Cambio Climático



Contido

INTRODUCCIÓN.....	3
OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA.....	3
Descrición dos obxectivos da Consellería.....	3
Estructura da Consellería para alcanzar os obxectivos.....	4
DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO.....	4
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE.....	6
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL.....	6
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO.....	8
AUGAS DE GALICIA.....	9
RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS.....	10
Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.....	10
Planificación estratéxica por centro directivo.....	11
DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS.....	12
DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO.....	12
Detalle de Subvencións na Planificación.....	12
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE.....	13
Detalle de Subvencións na Planificación.....	13
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL.....	15
Detalle de Subvencións na Planificación.....	15
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO.....	17
Detalle de Subvencións na Planificación.....	17
AUGAS DE GALICIA.....	17
Detalle de Subvencións na Planificación.....	18
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS.....	19
Avaliación da execución orzamentaria.....	19
Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados.....	19
Correccións e melloras.....	19
ANEXO I: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCÍONS.....	20
ANEXO II: PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DE AUGAS DE GALICIA PARA O PERÍODO 2026-2027.....	54



INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2027 da **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental da nosa comunidade autónoma. Este documento artículase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, como a transformación dixital, a sustentabilidade ambiental e o apoio á igualdade de oportunidades, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA

Descrición dos obxectivos da Consellería

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.



Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos

O exercicio das súas funcións e competencias en materia de subvencións desenvólvese a través dos seus correspondentes centros xestores determinados polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, modificado polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables eólica terrestre, solar fotovoltaica con potencia instalada superior a 100 kW e hidroeléctrica de competencia da Comunidade Autónoma, tendo en conta o seu papel no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea e a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

Igualmente correspóndelle o desenvolvemento das competencias en materia de ordenación do litoral, sen prexuízo das que estean atribuídos a outros órganos, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, o impulso de actuacións a favor da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

As principais funcións asignadas á Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, dentro da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, son:

- ✓ A xestión e coordinación dos sistemas de observación ambiental, da calidade do aire e da predición meteorolóxica de Galicia, así como a súa difusión.
- ✓ A coordinación, seguimento e posta en marcha das estratexias para a acción fronte ao cambio climático de carácter autonómico, europeo ou internacional.
- ✓ A promoción de instrumentos de colaboración interdepartamental e de colaboración público privada para a consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática; en particular, a Alianza Galega polo Clima.
- ✓ A elaboración, proposta, coordinación e impulso de programas dirixidos ao fomento da investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación en



materia de meteoroloxía e cambio climático, así como a súa difusión e divulgación.

- ✓ O asesoramento e asistencia aos concellos e axentes sociais, na aplicación das políticas autonómicas en materia de cambio climático e calidade atmosférica, así como a realización de campañas de formación e sensibilización en materia de cambio climático, meteoroloxía, climatoloxía e calidade atmosférica.
- ✓ A elaboración da proposta do anteproxecto de orzamentos desta subdirección xeral, así como a coordinación da execución da xestión orzamentaria das actuacións correspondentes ao seu ámbito de competencias.

As principais funcións asignadas á Subdirección Xeral do Litoral, dentro da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, son:

- ✓ A secretaría da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral, segundo o disposto no Decreto 179/2024, do 2 de setembro, polo que se regulan as funcións, a composición e o réxime de funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral.
- ✓ A coordinación e seguimento das actuacións estratéxicas reguladas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, cos departamentos autonómicos que por razón da materia lle corresponda.
- ✓ A coordinación correspondente na tramitación dos procedementos de obtención dos títulos habilitantes do litoral cos órganos de instrución destes procedementos, así como no seu control e vixilancia.
- ✓ Asesoramento e asistencia aos concellos costeiros na aplicación das políticas autonómicas en materia de ordenación e xestión do litoral, así como a realización de campañas de formación e sensibilización na dita materia.
- ✓ A proposta de medidas de protección do medio ambiente litoral; o impulso dos traballos para a aprobación dos instrumentos de ordenación do litoral, en coordinación cos departamentos que corresponda por razón da materia.
- ✓ A emisión dos informes que procedan, así como aqueloutras que lle encomenden en relación coa ordenación do litoral.
- ✓ A elaboración da proposta do anteproxecto de orzamentos desta subdirección xeral, así como a coordinación da execución da xestión



orxamentaria das actuacións correspondentes ao seu ámbito de competencias.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, a través da Subdirección Xeral de Resíduos e Economía Circular, no ámbito das súas competencias, desenvolverá as seguintes funcións en materia de subvencións:

- ✓ Planificación e definición das liñas de axuda orientadas á prevención, reutilización e reciclaxe de residuos, en coherencia coa Estratexia Galega de Economía Circular 2030 e cos instrumentos autonómicos de planificación en materia de residuos.
- ✓ Deseño e desenvolvemento do marco regulador das convocatorias, conforme á normativa aplicable.
- ✓ Seguimento técnico e financeiro das actuacións subvencionadas
- ✓ Avaliación do impacto das axudas na mellora da xestión de residuos e no impulso da economía circular.
- ✓ Coordinación con outras administracións e entidades para garantir a coherencia e eficacia das políticas de apoio público.
- ✓ Incorporación de melloras derivadas dos procesos de avaliación e análise de resultados.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras.

A dirección xeral estrutúrase nos seguintes órganos administrativos:

-Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, con nivel orgánico de servizo.

-Servizo Xurídico-Administrativo.

-Servizo de Xestión Económica e Orxamentaria.

-Subdirección Xeral de Espazos Naturais.

-Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.



As principais funcións da Dirección Xeral de Patrimonio Natural son:

- ✓ O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos.
- ✓ A ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais.
- ✓ A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestre, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma galega.
- ✓ O desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural.
- ✓ A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.
- ✓ A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, e a elaboración e implementación dos instrumentos de planificación, desenvolvemento e xestión destes espazos.
- ✓ A xestión e desenvolvemento dos instrumentos de planificación do parque nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a coordinación das actuacións en situacións de emerxencia derivadas de accidentes que requiran medidas excepcionais para preservar os valores naturais do parque nacional.
- ✓ A ordenación dos usos do patrimonio natural, no ámbito das súas competencias
- ✓ O fomento de medidas de colaboración e coordinación nas campañas relativas á obtención da bandeira azul.
- ✓ O desenvolvemento de medidas e instrumentos para a protección e conservación das especies silvestres.
- ✓ A coordinación dos centros de recuperación de fauna silvestre.
- ✓ O desenvolvemento de medidas e instrumentos de seguimento, protección, control e conservación dos elementos que compoñen a biodiversidade, prestando atención particular ás especies introducidas de carácter invasor.
- ✓ A aplicación de medidas de protección e benestar de animais de compañía.



INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

Con data 24 de abril de 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Segundo o apartado b) do seu artigo 2 queda adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET).

O Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo, ordenación do territorio e do litoral, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

As principais funcións do Instituto de Estudos do Territorio son:

- ✓ Traballos de investigación, análises, estudo e difusión sobre o urbanismo e ordenación do territorio.
- ✓ Asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia, para a elaboración do planeamento urbanísticos ao fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- ✓ Apoio na elaboración de estratexias e programas que contribúan a conseguir un nivel de desenvolvemento sostible do territorio no ámbito urbanístico e paisaxístico.
- ✓ Recompilación e tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica.
- ✓ Apoio e asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe.
- ✓ Desenvolver catálogos da paisaxe de Galicia.
- ✓ Sensibilizar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar as nosas paisaxes
- ✓ Seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecemento no ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.



- ✓ Elaborar o informe sobre el estado da paisaxe en Galicia, para a súa presentación no Parlamento de Galicia.

AUGAS DE GALICIA

Con data 24 de abril de 2024 publícase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Segundo o apartado b) do artigo 2 deste decreto queda adscrita á consellería a entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Augas de Galicia é unha entidade que forma parte da Administración hidráulica de Galicia.

Como ente instrumental da Administración autonómica en materia de augas, exerce competencias fundamentais na planificación, coordinación e execución das políticas hidráulicas na comunidade, garantindo a xestión sustentable e eficiente dos recursos hídricos.

Entre as súas funcións destacan a elaboración de plans hidrolóxicos, a promoción e execución de infraestruturas hidráulicas, así como o apoio técnico e financeiro ás entidades locais para o desenvolvemento e mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración. Esta labor complétase co seguimento e control do estado das masas de auga, coa finalidade de acadar os obxectivos establecidos polas normativas estatais e comunitarias.

Augas de Galicia propón unha política activa de subvencións co obxectivo de mellorar a xestión integral da auga no territorio galego, contribuíndo tanto á eficiencia como á sostibilidade ambiental. As liñas de actuación están deseñadas para dar resposta aos retos actuais de escaseza de recursos hídricos, de cambio climático e de deterioro das infraestruturas públicas e privadas relacionadas coa auga.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, regulou as competencias de Augas de Galicia. Posteriormente a Lei 9/2019, de medidas de garantía do



abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario e a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga supuxeron dous fitos moi relevantes na xestión da auga en Galicia.

Estas normas puxeron o foco na anticipación ante situacións de escaseza de auga e obrigou aos concellos e entidades locais a elaborar plans de emerxencia ante episodios de seca, a realizar auditorías das súas redes de abastecemento, a instalar contadores homologados e a reducir as perdas de auga.

En resumo, a traxectoria de Augas de Galicia reflicte unha progresiva especialización e adaptación aos retos actuais na xestión da auga, pasando dunha xestión tradicional das infraestruturas a unha visión integral que inclúe a actividade subvencionadora como media de apoio financeiro ás entidades competentes.

Para facilitar a implementación destas medidas, Augas de Galicia propón liñas de subvencións dirixidas a concellos e a entidades locais menores, comunidades de usuarios e particulares, co fin de mellorar as súas infraestruturas hidráulicas, renovar redes de abastecemento, evitar infiltracións e perdas de auga, mellorar sistemas de saneamento ou cumprir cos requisitos legais.

Incorpórase o Plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia como anexo li.

RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS

Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

A planificación estratéxica de subvencións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para o período 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	40	23.147.220,66 €	21.062.732,39 €
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	2	3.000.000,00 €	2.000.000,00 €
Total	42	26.147.220,66 €	23.062.732,39 €



E nas seguintes Prioridades de Actuación:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	40	23.147.220,66 €	21.062.732,39 €
PA 2.03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	1	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
PA 2.04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	39	21.147.220,66 €	19.062.732,39 €
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	2	3.000.000,00 €	2.000.000,00 €
PA 4.04 -Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.	2	3.000.000,00 €	2.000.000,00 €
Total	42	26.147.220,66 €	23.062.732,39 €

Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-2027 por centro xestor, está formada por 42 convocatorias de axudas cun importe anual estimado duns 26 millóns de euros para a anualidade 2026 e duns 23 millóns de euros para a anualidade 2027, distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
1.06.02 – D.X. de Enerxías Renovables e Cambio Climático	2	3.000.000,00 €	2.000.000,00 €
1.06.03 – D.X. de Calidade Ambiental e Sostibilidade	1	8.229.876,00 €	5.253.209,11 €
1.06.04 – D.X. de Patrimonio Natural	31	8.213.555,00 €	7.351.306,00 €
111.06.80 – Instituto de Estudos do Territorio	1	2.000.000,00 €	2.000.000,00 €
412.06.82 – Augas de Galicia	7	4.703.789,66 €	6.458.217,28 €
Total	42	26.147.220,66 €	23.062.732,39 €



DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables eólica terrestre, solar fotovoltaica e hidroeléctrica de competencia da Comunidade Autónoma, tendo en conta o seu papel no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea e a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade.

A Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, dentro da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, exercerá as funcións de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, o impulso e desenvolvemento de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, e o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

A Subdirección Xeral do Litoral exercerá as funcións e competencias en ordenación, xestión e protección do litoral e, en especial, as que deriven da aplicación dos números 3 e 4 do artigo 11 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, coa excepción das atribuídas a outros órganos.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.06.02 - DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	3.000.000 €	2.000.000 €
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	2.000.000 €	2.000.000 €
PA 2.03.- Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	2.000.000 €	2.000.000 €
Subvencións para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio	2.000.000 €	2.000.000 €



climático), así como a actuacións de identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade (Programa PIMA Adapta Refuxios Climáticos)

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	1.000.000 €	-
PA 2.04 -Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única.	1.000.000 €	-
Axudas para fomentar a sostibilidade dos establecementos expendedores de comidas e bebidas debidamente autorizados no litoral de Galicia	1.000.000 €	-

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten como obxectivo principal exercer as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos residuos, de acordo cos principios de desenvolvemento sostible e da economía circular, así como en materia de responsabilidade ambiental e sancionadora que por razón da materia lle corresponda.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.06.03 -DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE	8.229.876,00 €	5.253.209,11 €
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	8.229.876,00 €	5.253.209,11 €
PA 2.04 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.	8.229.876,00€	5.253.209,11 €
Axudas a entidades locais para incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal.	8.229.876,00€	3.056.632,28 €

a) Liña 1: Proxectos de ampliación do grao de implantación territorial e de mellora da calidade da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)

b) Liña 2: Adquisición de vehículos específicos para facilitar e estender a



implantación territorial da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)

c) Liña 3: Proxectos de ampliación do grao de implantación territorial e de mellora da calidade da separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

d) Liña 4: Proxectos que incentiven a mellora da recollida separada da fracción de residuos téxtiles dos residuos municipais para destinalos a preparación para a reutilización ou reciclado.

e) Liña 5: Melloras dos puntos limpos fixos existentes para facilitar e incrementar a recollida separada, a adecuada clasificación e a rastrexabilidade dos residuos municipais especiais (voluminosos, RAEE, téxtiles, aceites de cociña usados, domésticos perigosos, etc.), xestionados nestas instalacións.

f) Liña 6: Adquisición de puntos limpos móbiles para estender o servizo da rede de puntos limpos de Galicia, incrementar a captación e a rastrexabilidade dos residuos municipais especiais (voluminosos, RAEE, téxtiles, aceites de cociña usados, domésticos perigosos, etc.) recollidos nestas infraestruturas móbiles.

g) Liña 7: Habilitación e/ou mellora de espazos municipais de preparación para a reutilización de residuos municipais especiais recollidos separadamente (RAEE, téxtiles, mobles, etc.)

h) Liña 8: Proxectos de dixitalización que permitan o establecemento dunha taxa diferenciada e específica para o servizo de xestión de residuos municipais, tendentes a implantar sistemas de pago por xeración.

i) Liña 9: Actuacións de información, comunicación, sensibilización, divulgación e formación á cidadanía para avanzar na xestión circular e innovadora dos residuos municipais.

Axudas a entidades privadas para incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos industriais.

2.196.576,83 €

a) Liña 1: Desenvolver proxectos de I+D en residuos emerxentes

b) Liña 2: Implantación de novas solucións tecnolóxicas nas empresas galegas para a prevención e minimización de residuos

c) Liña 3: Axudas ás empresas para mellorar a súa dixitalización de forma que se facilite e mellore o control dos residuos que producen e a súa rastrexabilidade desde o punto de xeración ata o xestor final (hardware, software, básculas, etiquetaxe intelixente)



DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural a través do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ten como obxectivo a xestión executiva ordinaria do parque nacional, desenvolver os instrumentos de planificación e xestión e a coordinación das funcións de vixilancia, inspección e denuncia exercidas polos axentes forestais e axentes facultativos ambientais no ámbito do parque nacional no exercicio das súas funcións como axentes da autoridade. Así mesmo tamén a coordinación de actuacións en situacións de emerxencia derivadas de accidentes que requiran medidas excepcionais para preservar os valores naturais do parque nacional, salvo naqueles casos en que sexa precisa a activación dalgún plan de emerxencias.

O artigo 32.1 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, establece que coa finalidade de promover o desenvolvemento sustentable destes espazos, as administracións públicas, dentro do seu ámbito competencial e conforme as disponibilidades orzamentarias, poderán conceder axudas técnicas, económicas e financeiras nas áreas de influencia socioeconómica dos parques nacionais

A Subdirección Xeral de Espazos Naturais, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten entre os seus principais obxectivos a mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futura. Para elo, no ámbito das súas competencias, pretende a convocatoria de axudas en materia de conservación, protección, uso sustentable e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade.

A Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, dentro da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten entre os seus principais obxectivos a ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais, a conservación das especies silvestres e garantir e promover o benestar e protección dos animais de compañía animal.



Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.06.04 - DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	8.213.555€	7.351.306€
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	8.213.555€	7.351.306€
PA 2.04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	8.213.555€	7.351.306€
Axudas na área de influencia socioeconómica do PNIA (MT821A).(*)	-	150.000€
Axudas na Rede Natura 2000, Parques Naturais e Reservas da biosfera (MT814B) (**)	1.870.000 €	1.870.000 €
Axudas para a conservación de árbores senlleiras. Entidades locais (MT804B)	30.000 €	30.000 €
Axudas para a conservación de árbores senlleiras (MT804C)	60.000 €	60.000 €
Axudas prevención danos causados pola fauna silvestre (MT809D)	460.000€	460.000€
Axudas prevención danos valados lobo (MT809F)	400.000 €	400.000 €
Axudas prevención danos contratación persoas coidadoras do gando (MT809G).	567.750 €	567.750 €
Axudas á ordenación da actividade cinexética (MT723A).	270.000 €	270.000 €
Axudas á pesca continental para o fomento da riqueza piscícola (MT808A).	50.000€	50.000€
Actuacións vinculadas á protección de animais de compañía. Entidades locais (MT811A).	850.000 €	850.000 €
Actuacións vinculadas á protección de animais de compañía. Asociacións (MT811B).	480.000 €	480.000 €
Actuacións vinculadas á protección de animais de compañía. Adopcións (MT811C).	25.000€	25.000€
Axudas para a indemnización por danos especies cinexéticas. Lobo (MT809B).	597.724 €	597.724 €
Axudas para a indemnización por danos especies cinexéticas. Xabaril (MT809E).	1.405.832 €	1.405.832 €
Axudas para a indemnización por danos especies cinexéticas. Oso (MT815A).	135.000 €	135.000 €
Axudas para a reparación de danos causados polos incendios en infraestruturas de uso público do medio natural (MT100B).(**)	391.654€	-
Axudas para a reparación de danos causados polos incendios, destinadas a titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecores) de Galicia (***) (MT100A).	620.595€	-



(*) Non se prevé a priori convocatoria desta liña de axudas para 2026 por non terse transferido os fondos desde o Estado.

(**) Anualidade 2027, pendente de confirmación refinanciación fondos PEPAC

(***) Todos os pagos con cargo a esta convocatoria efectuaranse con cargo ao orzamento 2026.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio ten entre os seus obxectivos a realización de programas ou accións e actividades formativas de concienciación para a sostibilidade dirixidas ao conxunto da sociedade de Galicia e a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes.

Igualmente, correspóndelle formar, sensibilizar y concienciar á sociedade galega da necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes, promover a colaboración e cooperación en materia de paisaxe.

Promóvese, deste xeito, unha cultura de dignificación do territorio galego en que a participación da sociedade resulta estratéxica, fomentando o coidado da riqueza paisaxística en ámbitos especialmente sensibles.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
111.06.80 – INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2.000.000 €	2.000.000 €
E4 - Eixe 4. Cohesión Social e Territorial	2.000.000 €	2.000.000 €
PA 4.04 – Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.	2.000.000 €	2.000.000 €
Subvención en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas (MT402A)	2.000.000 €	2.000.000 €

AUGAS DE GALICIA

Augas de Galicia propón unha política activa de subvencións co obxectivo de mellorar a xestión integral da auga no territorio galego, contribuíndo tanto á eficiencia como á sostibilidade ambiental. As liñas de actuación están deseñadas para dar resposta aos retos actuais de escaseza de recursos hídricos, de cambio climático e de deterioro das infraestruturas públicas e privadas relacionadas coa auga.



A acción subvencionadora de Augas de Galicia alíñase cos principios da transición ecolóxica, cohesión territorial e responsabilidade no uso da auga, como recurso esencial e limitado.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
412.06.82 – AUGAS DE GALICIA	4.703.789,66 €	6.458.217,28 €
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	4.703.789,66 €	6.458.217,28 €
PA 2.04 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.	4.703.789,66 €	6.458.217,28 €
Subvencións destinadas á mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia (AU232A).	500.000 €	500.000 €
Subvencións destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300B).	772.503 €	772.503 €
Subvencións destinadas a particulares para a renovación de sistemas de saneamento no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300C).	200.000 €	200.000 €
Subvencións destinadas á execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (AU300D).	1.265.643,33 €	2.142.857,14 €
Subvencións aos concellos e ás entidades locais menores destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga (AU301C).	200.000 €	200.000 €
Subvencións aos concellos e ás entidades locais menores destinadas ao financiamento de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións (AU301D).	500.000 €	500.000 €
Subvencións destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (AU301E).	1.265.643,33 €	2.142.857,14 €



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS

O seguimento das subvencións realizarase de maneira continua e sistemática para garantir a correcta execución orzamentaria e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

Ao finalizar o período de planificación, antes da aprobación de sucesivos plans, realizarase un **Informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións 2026-2027**, que recollerá a avaliación dos obxectivos e logros alcanzados ao longo do período de execución das subvencións, tanto en termos de execución financeira como nos resultados obtidos a través dos indicadores establecidos.

Avaliación da execución orzamentaria

A análise da execución orzamentaria permitirá verificar que os fondos asignados ás subvencións se utilizaron de forma eficiente e de acordo co plan aprobado.

Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados

A avaliación dos impactos conseguidos coa execución das subvencións, realizarase co análise dos indicadores de seguimento establecidos, medindo os resultados acadados respecto dos valores previamente definidos.

Correccións e melloras

Se os resultados do seguimento mostran desviacións respecto aos obxectivos financeiros ou operativos, implementaranse medidas correctivas ou de mellora para garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos nas anualidades seguintes.

As recomendacións derivadas do informe de avaliación serán clave para mellorar a planificación e xestión das futuras convocatorias.



ANEXO I: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIONES

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables eólica terrestre, solar fotovoltaica e hidroeléctrica de competencia da Comunidade Autónoma, tendo en conta o seu papel no cumprimento dos obxectivos de redución das emisións netas de gases de efecto invernadoiro e de neutralidade climática da Unión Europea e a contribución da enerxía renovable á redución da contaminación e á protección, restauración e mellora do estado do ambiente, detendo e revertendo a perda de biodiversidade. Igualmente, correspóndelle o desenvolvemento das competencias en materia de ordenación do litoral, sen prexuízo das que estean atribuídas a outros órganos. A finalidade que se persegue coa publicación destas axudas e a de mellorar as condicións ambientais e acadar un desenvolvemento sustentable na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA DE GASTO

Programa	PROGRAMA 541E- COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE			
A este programa asígnanselle os recursos destinados a impulsar políticas en materia de cambio climático, de planificación do entorno natural,información e educación ambiental, así como a aplicación da divulgación da avaliación ambiental para promover o desenvolvemento sostible.				
PEG 2022-2030				
Eixe	E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible			
Prioridade de Actuación	PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.			
Obxectivo de Desenvolvemento Sostible	ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos.		
Obxectivo Específico	6.4. De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga a reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga.		
ADECUACIÓN AOS OBXECTIVOS FEDER			
Obxectivo político	2: unha Europa máis verde, baixa en carbono en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.		
Prioridade	2F.Economía circular e eficiencia en recursos		
Obxectivo específico	2.5 O fomento do acceso á auga dunha xestión hídrica sostible		
Liña de actuación	2.5.04. Mellora da eficiencia e resiliencia hídrica en sistemas de abastecemento e saneamento.		
TERRITORIALIZACIÓN DO GASTO			
Concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia			
PROGRAMA DE GASTO			
Programa de gasto	542B: Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento		
Conta financeira	6566 – Subvencións de capital a corporacións locais		
Finalidade e os obxectivos principais– Axudar aos concellos e ás entidades locais menores responsables de sistemas de abastecemento a executar actuacións para minimizar as perdas de auga nos seus sistemas de abastecemento, contribuíndo ao cumprimento da normativa e dos obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático.			
Importe da convocatoria 2026	Total	2026	2027
	2.531.286,66 €	1.265.643,33 €	1.265.643,33 €



Resultados previstos Financiamento	Indicadores de seguimento ODS	2026	2027
	P00440/Grao de execución; porcentaxe de execución do gasto	50%	50%
	P00153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración		56
	P00437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga	56	
	Indicadores de seguimento FEDER		
	Concretaranse nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións		
	Financiamento		
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		
	Orzamento autonómico	759.386,00 €	
	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	1.771.900,66 €	

Importe da convocatoria 2027	Total	2027	2028
	1.754.427,62 €	877.213,81 €	877.213,81 €
Resultados previstos Financiamento	Indicadores de seguimento ODS	2027	2028
	P00440/Grao de execución; porcentaxe de execución do gasto	50%	50%
	P00153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración		39
	P00437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga	39	
	Indicadores de seguimento FEDER		
	Concretaranse nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións		
	Financiamento		
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		
	Orzamento autonómico	526.328,28 €	
	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	1.228.099,33 €	





AUGAS DE GALICIA - LIÑA DE SUBVENCIÓN	
Denominación:	Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a deputación provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña
Normativa:	Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
Tipo de convocatoria	Concesión directa
Beneficiarios	Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña
ADECUACIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030	
Eixe	E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible.
Prioridade de Actuación	PA.2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
Obxectivo Estratéxico	OE 2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga. OE 2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga. OE.2.4.3. - Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.
Obxectivo Operativo	OO02 - Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas. OO02 – Identificar e priorizar as actuacións necesarias en materia de abastecemento autónomo nos municipios galegos. OO02 – Garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.
ADECUACIÓN Á AXENDA 2030	
Obxectivo de Desenvolvemento Sostible	ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos.
Obxectivo Específico	6.3 De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando a vertedura e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe4 e a reutilización sen riscos a nivel mundial. 6.4. De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga a reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga. 6.6. De aquí a 2030, protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os bosques, as montañas, os humidais, os ríos, os acuíferos e os lagos.
TERRITORIALIZACIÓN DO GASTO	
Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña	
PROGRAMA DE GASTO	
Programa de gasto	542B: Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento



Conta financeira	6516 – Subvencións correntes a corporacións locais	
Finalidade e os obxectivos principais– Dar cumprimento ao establecido no prego de bases á que está suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis no que atinxe ao destino do canon devindicado pola explotación, canon que Augas deberá destinar a obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos Concellos de Caldas, Cuntis y Moraña.		
Importe	Total	2026
	785.071,56 €	392.535,78 €
Resultados previstos Financiamento	Indicadores de seguimento	
	P00440/Grao de execución; porcentaxe de execución do gasto	100 %
	P00437:/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga	3
	Financiamento	
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes	
	Orzamento autonómico	100 %





AUGAS DE GALICIA - LIÑA DE SUBVENCIÓN		
Denominación:	Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Meaño para a mellora da rede de saneamento no lugar de Abuín. Meaño (Pontevedra)	
Normativa:	Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia	
Tipo de convocatoria	Concesión directa	
Beneficiarios	Concello de Meaño	
ADECUACIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2022-2030		
Eixe	E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible.	
Prioridade de Actuación	PA.2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.	
Obxectivo Estratéxico	OE 2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.	
Obxectivo Operativo	OO02 - Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.	
ADECUACIÓN Á AXENDA 2030		
Obxectivo de Desenvolvemento Sostible	ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos.	
Obxectivo Específico	6.3 De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando a vertedura e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe4 e a reutilización sen riscos a nivel mundial.	
TERRITORIALIZACIÓN DO GASTO		
Concello de Meaño		
PROGRAMA DE GASTO		
Programa de gasto	542B: Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento	
Conta financeira	6566- Subvencións de capital a corporacións locais	
Finalidade e os obxectivos principais– Acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para levar a cabo a actuación “Mellora da rede de saneamento de Abuín” no concello de Meaño.		
Importe	Total	2026
	70.000 €	70.000 €
Resultados previstos Financiamento	Indicadores de seguimento	2026
	P00440/Grao de execución; porcentaxe de execución do gasto	100 %
	P00153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración	1
	P00437:/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga	1
	Financiamento	2026
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes	
	Orzamento autonómico	100 %



ANEXO II: PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DE AUGAS DE GALICIA PARA O PERÍODO 2026-2027

Proposta de resolución da aprobación do Plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia para os anos 2026 e 2027

Antecedentes

1.- O 16 de outubro de 2025 pechouse o Plan de actuacións, inversións e financiamento de Augas de Galicia para o ano 2026 (PAIF)

O apartado I.2 do plan citado recolle as previsións de subvencións a tramitar por Augas de Galicia durante o ano 2026.

2.- O 17 de outubro de 2025 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto de lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, no que se inclúe o citado o Plan de actuacións, inversións e financiamento de Augas de Galicia para o ano 2026 (PAIF)

3.- O 31 de decembro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2025, do 23 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, no que se inclúe o citado Plan de actuacións, inversións e financiamento de Augas de Galicia para o ano 2026.

Consideracións legais e técnicas

I.- A Dirección de Augas de Galicia é competente para propoñer a aprobación do plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 15.3.n) da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

II.- O artigo 5.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en consonancia co disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, dispón:

1. Os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para



conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En virtude da obriga recollida no citado precepto legal, Augas de Galicia debe propoñer un plan estratéxico de subvencións.

III. O artigo 6.1 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, dispón:

1. Cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

En virtude desta previsión legal a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é a competente para aprobar o plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia, tendo en conta que esta é unha entidade adscrita á dita consellería, ao abeiro do disposto no artigo 2.b).1. do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Consonte ao exposto, realízase a seguinte

Proposta de resolución

Proponse aprobar o Plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia para os anos 2026 e 2027, que se incorpora como anexo I.

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

Documento asinado electronicamente

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Secretaría Xeral Técnica



1. INTRODUCCIÓN

Augas de Galicia é unha entidade que forma parte da Administración hidráulica de Galicia.

Como ente instrumental da Administración autonómica en materia de augas, exerce competencias fundamentais na planificación, coordinación e execución das políticas hidráulicas na comunidade, garantindo a xestión sustentable e eficiente dos recursos hídricos.

Entre as súas funcións destacan a elaboración de plans hidrolóxicos, a promoción e execución de infraestruturas hidráulicas, así como o apoio técnico e financeiro ás entidades locais para o desenvolvemento e mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración. Esta labor complétase co seguimento e control do estado das masas de auga, coa finalidade de acadar os obxectivos establecidos polas normativas estatais e comunitarias.

Augas de Galicia propón unha política activa de subvencións co obxectivo de mellorar a xestión integral da auga no territorio galego, contribuíndo tanto á eficiencia como á sostibilidade ambiental. As liñas de actuación están deseñadas para dar resposta aos retos actuais de escaseza de recursos hídricos, de cambio climático e de deterioro das infraestruturas públicas e privadas relacionadas coa auga.

A acción subvencionadora de Augas de Galicia alíñase cos principios da transición ecolóxica, cohesión territorial e responsabilidade no uso da auga, como recurso esencial e limitado.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Parlamento de Galicia o 13 de setembro de 2022, este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das subvencións públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste



xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o plan estratéxico de subvencións constitúe unha peza clave das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

O artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, configura a colaboración entre administracións como un principio para conseguir os obxectivos comúns nas políticas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia.

Esta colaboración entre as distintas administracións públicas resulta esencial para superar as limitacións derivadas da complexa realidade territorial e demográfica de Galicia. Moitos concellos carecen da capacidade técnica e económica necesaria para afrontar a xestión eficiente dos sistemas hidráulicos.

En definitiva, esta colaboración institucional xustifica plenamente a tramitación de subvencións por parte da Administración autonómica, a través de Augas de Galicia, como mecanismo de apoio e solidariedade interterritorial que permita garantir a prestación de servizos básicos cunha maior calidade, eficiencia e sustentabilidade, ao tempo que se promove o cumprimento dos compromisos ambientais e normativos establecidos a nivel europeo, estatal e autonómico.

O Plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia para os anos 2026 e 2027 integrado no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, articulado en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. CARÁCTER DO PLAN

A execución do plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia ten o carácter de programa de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes desta entidade pública, senón a circunstancias conxunturais para a execución de fondos finalistas procedentes da Unión Europea e para a atención de necesidades específicas dos colectivos de beneficiarios.

3. ÁMBITO TEMPORAL DE APLICACIÓN

A vixencia do presente plan de subvencións será plurianual, abarcando a actividade a subvencionar durante os anos 2026 e 2027.



4. ADECUACIÓN AOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

O contido do plan non crea dereitos nin obrigas e a súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das bases e convocatorias das diferentes liñas de subvencións e as dispoñibilidades orzamentarias axustaranse aos ditos principios.

O plan estratéxico poderá ser modificado para incorporar cambios que teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ALCANZAR

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, regulou as competencias de Augas de Galicia.

Posteriormente a Lei 9/2019, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario e a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga supuxeron dous fitos moi relevantes na xestión da auga en Galicia.

Estas normas puxeron o foco na anticipación ante situacións de escaseza de auga e obrigou aos concellos e entidades locais a elaborar plans de emerxencia ante episodios de seca, a realizar auditorías das súas redes de abastecemento, a instalar contadores homologados e a reducir as perdas de auga.

En resumo, a traxectoria de Augas de Galicia reflicte unha progresiva especialización e adaptación aos retos actuais na xestión da auga, pasando dunha xestión tradicional das infraestruturas a unha visión integral que inclúe a actividade subvencionadora como media de apoio financeiro ás entidades competentes.

Para facilitar a implementación destas medidas, Augas de Galicia propón liñas de subvencións dirixidas a concellos e a entidades locais menores, comunidades de usuarios e particulares, co fin de mellorar as súas infraestruturas hidráulicas, renovar redes de abastecemento, evitar infiltracións e perdas de auga, mellorar sistemas de saneamento ou cumprir cos requisitos legais.



6. ADECUACIÓN AO PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA

O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 foi aprobado polo Parlamento de Galicia o 13 de setembro de 2022 recollendo eixos, prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos. A planificación estratéxica en materia de subvencións de Augas de Galicia ten encaixe no eixo, prioridade de actuación e obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 que se indican:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible
2. Prioridade actuación: PA.2.4 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivos estratéxicos:
 - ✓ OE.2.4.1. Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.
 - ✓ OE 2.4.2. Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
 - ✓ OE 2.4.3. Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.



7. ADECUACIÓN Á AXENDA 2030

A Axenda 2030 das Nacións Unidas foi aprobada o 25 de setembro de 2015, recollendo os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

A planificación estratéxica en materia de subvencións de Augas de Galicia contribúe á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) que se recollen no apartado "Fichas detalladas das subvencións" do presente plan estratéxico.

8. ADECUACIÓN AOS OBXECTIVOS FEDER

O programa operativo 2021-2027 do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional foi aprobado o 7 de decembro de 2022 por Decisión da Comisión Europea, recollendo unha serie de obxectivos para as actuacións financiadas con cargo ao dito programa.

O programa operativo de Feder 2021-2027 céntrase en corrixir os desequilibrios rexionais para fortalecer a cohesión económica e social da Unión Europea, investindo en áreas como a competitividade, a innovación, a dixitalización, o medio ambiente, a eficiencia enerxética e a creación de emprego. No período 2021-2027, estes obxectivos estrutúranse en prioridades, como potenciar a I+D+i, a dixitalización, a competitividade empresarial, e acadar un territorio máis verde e resiliente ao cambio climático.

A planificación estratéxica en materia de subvencións de Augas de Galicia contribúe á consecución dos obxectivos específicos previstos no programa operativo de Feder 2021-2027 que se recollen no apartado "Fichas detalladas das subvencións" do presente plan estratéxico.

9. ADECUACIÓN AOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE

Neste plan estratéxico non se contemplan medidas específicas en relación aos obxectivos en materia de igualdade. A verificación do cumprimento destes obxectivos queda acreditada coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* das bases reguladoras e o anuncio de convocatoria.

10. CONCESIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTOS DE CONCORRENCIA

A planificación estratéxica da concesión de subvencións mediante procedementos de concorrência para os períodos 2026 e 2027 está formada por sete liñas de subvencións cun importe total estimado de 12.916.434,56 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:



Procedemento	Importe			
	CONVOCATORIAS ANO 2026		CONVOCATORIAS ANO 2027	
	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Anualidade 2027	Anualidade 2028
Subvencións destinadas á mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia (AU232A)	500.000 €	0,00 €	500.000€	0,00 €
Subvencións destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300B)	772.503 €	0,00 €	772.503 €	0,00 €
Subvencións destinadas a particulares para a renovación de sistemas de saneamento no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300C)	200.000 €	0,00 €	200.000 €	0,00 €
Subvencións destinadas á execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (AU300D)	1.265.643,33 €	1.265.643,33 €	877.213,81 €	877.213,81 €
Subvencións aos concellos e ás entidades locais menores destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga (AU301C)	200.000 €	0,00 €	200.000 €	0,00 €



Subvencións aos concellos e ás entidades locais menores destinadas ao financiamento de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións (AU301D)	500.000 €	0,00 €	500.000 €	0,00 €
Subvencións destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 (AU301E)	1.265.643,33 €	1.265.643,33 €	877.213,81 €	877.213,81 €
Total	7.235.076,32 €		5.681.358,24 €	

O contido das liñas de subvencións de carácter xeral e o que se indica a seguir:

10.1. Subvencións destinadas á mellora das instalacións das comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia (AU232A)

No exercicio da función á que se refire o artigo 4.1.e) da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, a Administración hidráulica de Galicia evidenciou carencias no estado das instalacións de tratamento e almacenamento da auga por parte das comunidades de usuarios ás que se refiren os artigos 81 e seguintes do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e a escaseza de recursos económicos destas para realizar investimentos que resultan necesarios para prestar un axeitado servizo de abastecemento aos usuarios.

Por este motivo, resulta axeitado aprobar unha convocatoria de subvencións para que as comunidades de usuarios poidan realizar investimentos que lles permitan mellorar o estado das instalacións de captación, de potabilización, de almacenamento e de medición de auga nas traídas que xestionan.

10.2. Subvencións destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300B)



En Galicia, todas as vivendas que non vertan as súas augas residuais domésticas a unha rede pública de sumidoiros teñen a obriga de contar cunha solución de saneamento autónomo individual para xestionar de forma axeitada as súas augas residuais.

Neste eido, Augas de Galicia pretende colaborar coas entidades locais responsables de sistemas de saneamento mediante unha convocatoria de subvencións destinadas á renovación e/ou instalación de sistemas de depuración autónomos co obxecto de que as vivendas unifamiliares dos núcleos rurais illados xestionen de forma axeitada as súas augas residuais.

10.3. Subvencións destinadas a particulares para a renovación de sistemas de saneamento no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300C)

No ámbito do saneamento de augas residuais e en liña coa colaboración iniciada cos concellos á que se refire a convocatoria anterior, Augas de Galicia tamén pretende colaborar cos particulares a través dunha convocatoria de subvencións destinada a persoas físicas para a renovación de sistemas de saneamento no suposto de que as vivendas non teñan a posibilidade de acometida aos sumidoiros públicos.

10.4. Subvencións destinadas á execución de actuacións para reducir as infiltracións nas redes de saneamento municipais en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia (AU300D)

Augas de Galicia tamén propón colaborar coas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o cumprimento das competencias locais en materia de depuración e tratamento de augas residuais mediante unha convocatoria de subvencións que ten por obxecto a execución de obras e actuacións dirixidas a reducir as infiltracións nos sistemas de saneamento locais. Con estas actuacións preténdese que a depuración de augas residuais sexa máis eficaz, reducir os consumos enerxéticos nos sistemas de bombeo e nas plantas de tratamentos e minimizar o número de descargas ao dominio público hidráulico en episodios de choivas.

10.5. Subvencións aos concellos e ás entidades locais menores destinadas ao financiamento de auditorías de abastecemento e de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga (AU301C)

En materia de abastecemento, a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario, establece na súa disposición adicional segunda que no prazo máximo de dous anos,



contados desde a súa entrada en vigor, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Así mesmo, deberán aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas de auga.

As auditorías de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga demostraron ser un instrumento fundamental para detectar e atallar as perdas deste recurso hídrico.

Este é o motivo polo que Augas de Galicia propón colaborar coas entidades locais responsables de sistemas de abastecemento en toda a comunidade autónoma galega a través dunha convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de auditorías de abastecementos e plans de actuacións.

10.6. Subvencións aos concellos e ás entidades locais menores destinadas ao financiamento de auditorías das redes de saneamento para a detección de infiltracións (AU301D)

En materia de saneamento, os estudos e análises realizados por Augas de Galicia a través dos plans locais de saneamento, os plans directores e as labores de apoio ás entidades locais na explotación dos seus sistemas de saneamento puxeron de manifesto que o funcionamento das redes de colectores son un aspecto clave para que estes servizos se presten de xeito adecuado.

Sen embargo, as singularidades xeográficas e demográficas de Galicia así como a súa elevada pluviometría ou a proximidade de moitos sistemas de saneamento aos ríos ou ao mar provocan problemas de infiltracións nestes sistemas.

Nestes casos, as auditorías tamén demostraron ser un instrumento eficaz para identificar os problemas asociados á xestión das redes de saneamento .

Neste sentido, Augas de Galicia pretende colaborar coas entidades locais galegas no desenvolvemento das súas competencias propias neste eido a través dunha convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de auditorías das redes de saneamento para a detección destas infiltracións.

10.7. Subvencións destinadas á execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos e entidades locais menores da Comunidade Autónoma de Galicia (AU301E)



En liña coa colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de abastecemento e tendo en conta a obriga que a citada Lei 9/2019, do 11 de decembro, impón a todas as administracións públicas responsables de sistemas de abastecementos á poboación de contar cunha auditoría ao obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas redes de abastecementos en alta e de subministración en baixa, Augas de Galicia propón colaborar cos concellos galegos e entidades locais menores para mellorar a calidade deste servizo á poboación, reducir as perdas de auga e mellorar a eficiencia enerxética mediante unha convocatoria de subvencións destinadas á execución de obras e actuacións que contribúan a acadar estes obxectivos e que permiten mellorar as infraestruturas de abastecemento.

11. PLANS ESPECÍFICOS PARA SUBVENCÍONS DE CONCESIÓN DIRECTA

Augas de Galicia, ademais de outorgar subvencións mediante procedementos de concorrência competitiva propón tramitar subvencións mediante procedementos de concesión directa, nos termos establecidos na normativa vixente en materia de subvencións, formalizando convenios de colaboración con concellos e entidades da Comunidade Autónoma de Galicia ao obxecto de atender demandas específicas para resolver cuestións particulares en materia de obras hidráulicas.

Estes convenios configúranse como instrumentos xurídicos que permiten regular as condicións, as obrigas e as responsabilidades das partes, garantindo a eficacia e a eficiencia na prestación dos servizos e no cumprimento dos obxectivos ambientais e administrativos establecidos.

Tendo en conta as necesidades trasladadas polos concellos ata o momento, a planificación estratéxica de subvencións de concesión directa para o período 2026 está formada por tres liñas de subvencións cun importe anual estimado de 1.462.535,78 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:



Procedemento	Importe da anualidade 2026
Convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a realización de actuacións nos anos 2025 e 2026	410.000 €
Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais	1.000.000 €
Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Meaño para a mellora da rede de saneamento no lugar de Abuín. Meaño (Pontevedra)	70.000 €

As liñas de subvencións de carácter específico son as que se indican a seguir:

11.1. *Convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña polo que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a realización de actuacións nos anos 2025 e 2026.*

En este caso, a colaboración xustifícase na necesidade de dar cumprimento a cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases ao que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis.

A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispón que "Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio".

En consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da subvención prevista no convenio e



estímese xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia.

Durante o ano 2026 darase continuidade ás actuacións recollidas no convenio asinado o 24 de novembro de 2025.

Tendo en conta que se trata dunha subvención cuxo importe, beneficiarios e periodicidade ven establecida no prego de bases ao que se suxeita a concesión administrativa para a explotación da presa de Caldas de Reis e que se prevé anualmente nos orzamentos de Augas de Galicia, esta entidade pública ten previsto iniciar o procedemento para que esta subvención se poida conceder de forma directa mediante a súa inclusión nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2027.

11.2. *Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais*

Por Resolución da Dirección de Augas de Galicia do 21 de xullo de 2025 aprobouse a Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais cuxo obxectivo principal é promover a recuperación, conservación e valorización sostible dos espazos fluviais galegos, mediante un marco de colaboración establece e eficaz entre Augas de Galicia e os concellos da comunidade autónoma.

Trátase de fomentar actuacións que permitan restaurar a funcionalidade ecolóxica dos ríos, mellorar a súa calidade ambiental e reforzar o seu papel como espazos de uso social, cultural e turístico, garantindo ao mesmo tempo a protección da súa biodiversidade e do patrimonio asociado.

Para facer efectiva a implantación da estratexia, establécense dúas vías principais de colaboración entre Augas de Galicia e os concellos galegos, en función das características da actuación, da titularidade do espazo onde se pretenda actuar e da capacidade técnica e operativa das administracións implicadas: convenios de colaboración técnica e/ou económica cos concellos interesados ou execución directa por parte de Augas de Galicia.

Prevese que ao longo do ano 2026 será preciso realizar actuacións deste tipo coa subscripción dos correspondentes convenios de colaboración. Posteriormente avaliarase a oportunidade desta liña de actuación no marco da avaliación do plan estratéxico de subvencións.

11.3. *Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Meaño para a mellora da rede de saneamento no lugar de Abuín. Meaño (Pontevedra).*



A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Neste caso concreto, a rede de saneamento municipal do Concello de Meaño padece problemas de vertidos incontrolados no lugar de Abuín, parroquia de Dena, orixinados nos colectores situados nas proximidades do Río da Chanca que recollen o saneamento das parroquias de Lores e Simes e as augas fecais do Polígono de Sanxenxo. En consecuencia, coas actuacións obxecto deste convenio preténdese solventar o dito problema en base ao mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia que establece a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Deste xeito, con esta subvención directa garántese unha adecuada prestación do servizo de tratamento de augas residuais, considerado como servizo básico, esencial e de interese xeral, evitando que se xeren situacións que causen prexuízos graves ao medio ambiente e á poboación.

Este convenio tramitouse mediante o procedemento de anticipado de gasto, de conformidade co establecido no artigo 25 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 e asinouse o 15 de xaneiro de 2026.

11.4. *Posibilidade de subscribir outros convenios de colaboración*

